

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,  
GANDERÍA E MONTES**

*Corrección de erros.-Orde do 25 de novembro de 1994 pola que se aproba o regulamento da denominación de orixe Monterrei e do seu consello regulador.*

Advertida omisión na devandita orde, publicada no DOG nº 3 do pasado 4 de xaneiro, do apartado 2 do artigo 39, así como dos artigos 40 e 41 na súa integridade (páxina 133, columna dereita), cómpre publica-lo texto omitido a continuación:

«2.-Contra os acordos e resolucións que adopte o Consello Regulador poderase recorrer en todo caso, ante a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dentro do prazo dun mes, contado desde a comunicación daqueles, tal como prevén os artigos 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro que regula o procedemento administrativo común.

**CAPÍTULO VIII****Das infraccións, sancións e procedemento****Artigo 40.**

Tódalas actuacións que sexa preciso desenvolver en materia de expedientes sancionadores axustaranse ás normas desta regulamento, ás da Lei 25/1970, do 2 de decembro, do estatuto da viña, o viño e dos alcohois e ó seu regulamento aprobado polo Decreto 835/1972, do 23 de marzo, ó Real decreto 1.945/1983, do 22 de xuño, que regula as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, á vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ó regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1.398/1993, do 4 de agosto, e cantas disposicións xerais estean vixentes no momento sobre a materia.

**Artigo 41.**

1.-As infraccións ó disposto neste Regulamento e ós acordos do Consello Regulador serán sancionadas con apercibimento, multa, comiso da mercanca, suspensión temporal no emprego da denominación, ou baixa no rexistro ou rexistros dela, conforme se expresa nos artigos seguintes, sen prexuízo das sancións que por contraví-la lexislación xeral sobre a materia poidan ser impostas.

2.-As bases para a imposición de multas determinaranse conforme dispón o artigo 120 do Decreto 835/1972, do 23 de marzo.»